



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA POLA QUE SE AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A COLOCACIÓN, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, DE 50 CORDAS EN TODOS OS POLÍGONOS DE CULTIVO DE GALICIA.

ANTECEDENTES

1. O 30.07.2025, a Sociedad Cooperativa Galega de Mexilloeiros de Galicia (SOCOMGAL) solicita ampliar en un (1) ou dous (2) meses o período de colocación de cordas colectoras.
2. O 11.09.2025, a ASOCIACION PRODUCTORES MEJILLONEROS RIA NOSA DE MOAÑA solicita ampliar o período de colocación das cordas colectoras, polo menos, ata o 01/12/2025, e autorizar manter cen cordas a maiores en cada batea ata a apertura dos polígonos: Cangas C, Cangas D, Cangas F, Cangas G e Cangas H da Ría de Vigo.
3. O 23.09.2025, AMEGROVE SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA solicita ampliar en tres meses (3) o período de colocación de cordas colectoras.
4. O 23.09.2025, solicítase informe aos membros da Comisión do Mexillón. Remitiron contestación, formulando nalgúns casos as respectivas peticións individuais, as seguintes asociacións: Amegrove Soc. Cooperativa Galega, Federación de Asociacións de Mexilloeiros (FEMEX), Organización de Productores de Mejillón de Galicia (OPMEGA), Asociación de Mejilloneros "San Saturnino" de Cambados e Asociación de Mejilloneros Profesionales A' Marxa.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Mediante resolución do 11.03.2025 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica autorizouse a colocación, con carácter extraordinario, de ata 50 cordas colectoras máis por batea ata o 30.09.2025.

Esta autorización realizouse polas circunstancias excepcionais como os desprendementos de mexillón, escaseza de mexilla axeitada nas rochas na época hábil de recollida, a dependencia directa dos factores climatolóxicos nos desoves do mexillón así como a limitación das zonas para a extracción de semente de mexillón en banco natural levan





consigo ter en consideración a petición do sector na ampliación do prazo para a colocación de cordas colectoras así como a modificación do seu número.

Estas mesmas circunstancias aconsellaron a procura de experiencias no aprovisionamento de mexilla mediante a colocación de colectores máis longos no medio natural durante o proceso reprodutivo dos exemplares adultos.

Así mesmo a maior necesidade de semente debido a cambios nas demandas de mexillón de talla máis pequeno para o consumo en fresco favorecen a necesidade de buscar alternativas para que os bateiros se poidan abastecer de semente de mexillón, para complementar á recollida en rocha e evitar unha dependencia desta.

Solicitada pola maioría das entidades representativas do sector a ampliación do prazo do tempo de permanencia de cordas colectoras ata o 30.11.2025, e informado favorablemente pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica por mor do reducido tamaño da semente e a tardía fixación larvaria motivada polas circunstancias climáticas, constátase a permanencia das mesmas circunstancias que motivaron a autorización para a colocación extraordinaria de 50 cordas colectoras máis por batea ata o 30.09.2025, polo que cómpre prorrogalo en consonancia coa ampliación do prazo do tempo de permanencia das cordas colectoras.

En base ao exposto, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica **RESOLVE:**

Modificar o prazo establecido por Resolución do 11.03.2025, pola que se autorizou con carácter extraordinario e atendendo a circunstancias excepcionais desta campaña a colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea, **baixo as seguintes condicións:**

1. As cordas colectoras poderán manterse na batea ata o **30.11.2025**.
2. As cordas colectoras, que terán libre un dos seus extremos, deberán estar claramente identificadas mediante unha marca de cor vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencie perfectamente das cordas de engorde.
3. As persoas concesionarias que fagan uso, por primeira vez, destas condicións deberán comunicalo co antelación a través da aplicación TRAZAMAR (<https://www.pescadegalicia.gal/trazamar/login>), indicando o nome do viveiro e a súa localización, a data e o número de cordas colectoras que van dispoñer.





4. Seguimento da recollida de semente de mexillón nas cordas colectoras

As persoas concesionarias deben realizar a declaración da semente de mexillón captada nas cordas colectoras a través das ferramentas informáticas que a administración pon a súa disposición para tal fin.

En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, os titulares dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Cándido Rial Rodríguez

Asinado por: RIAL RODRIGUEZ, CANDIDO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 30/09/2025 10:15:34

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificadas a través deste código:
CVE: TEISE1G19CIB <https://sede.xunta.gal/cve>

